



# Federación Galega de Deportes para Xordos

## **Estatutos da Federación Galega de Deportes para Xordos**

### **TÍTULO I Disposicións xerais**

#### **Capítulo I Denominación, finalidade e fins**

##### **Artigo 1º**

A Federación Galega de Deportes para Xordos (FEGADEX), entidade sen ánimo de lucro, constituída ó abeiro da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, goza de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, de acordo co establecido nas leis do deporte da Comunidade Autónoma de Galicia e reúne ós clubs, sociedades, grupos, seccións, deportistas, técnicos, adestradores, árbitros, xuíces e cronometradores, dedicados á organización, promoción e práctica de toda clase de deportes para os discapacitados sensoriais que se desenvolven na Comunidade Autónoma de Galicia.

A FEGADEX ostenta a representatividade oficial exclusiva de tódalas modalidades deportivas recoñecidas oficialmente e adicadas expresamente ós xordos con certificado de minusvalía non inferior ó 33%.

##### **Artigo 2º**

A FEGADEX rexerese polo disposto na Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento, polos seus propios estatutos e regulamentos debidamente aprobados e polas demais disposicións legais ou federativas que resulten aplicables.

##### **Artigo 3º**

O domicilio social da FEGADEX fíxase na Avda. de Glasgow, 13 Complexo Deportivo de Elviña.- 15008 A CORUÑA, podendo dispor doutros locais e domicilios cando as súas necesidades o requiran e logo da aprobación da asemblea xeral.

##### **Artigo 4º**

Corresponderá á FEGADEX como competencia exclusiva nas súas respectivas modalidades deportivas as seguintes funcións:

- a) Elaborar os programas de promoción xeral da súa modalidade deportiva no ámbito da Comunidade Autónoma.
- b) Elaborar as normas técnicas da súa modalidade deportiva e dirixir e regular as actividades propias desta.
- c) Desenvolver programas de especialización da súa modalidade deportiva.



## Federación Galega de Deportes para Xordos

- d) Diseñar, elaborar e executar os plans de preparación dos deportistas de alto nivel na súa respectiva modalidade deportiva e as listas destes en colaboración coa Administración deportiva de Galicia e, se é o caso, coa federación española correspondente.
- e) Colaborar coa Administración autonómica e cooperar coas correspondentes federacións deportivas españolas, se é o caso, na formación de técnicos deportivos da súa especialidade.
- f) Organizar e dirixir as competicións de carácter oficial que se desenvolvan no seu ámbito territorial, de acordo coas normas e cos regulamentos autonómicos, nacionais e internacionais que sexan aplicables.

Expedirán, para estes efectos, as correspondentes licenzas deportivas.

- g) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, así como nos seus propios estatutos e regulamentos.
- h) Resolver en vía de recurso as impugnacións contra os acordos dos órganos dos clubs deportivos que delas dependan.
- i) Exercer o control das subvencións oficiais que se lles asignen ós clubs deportivos que delas dependan na forma que regulamentariamente se determine.
- j) Designar os deportistas da súa modalidade que integrarán a selección galega, para a cal os clubs deberán poñer á disposición da federación os deportistas elixidos.
- k) Representar a Galicia en actividades e competicións deportivas de carácter estatal ou supra estatal organizando ás seleccións autonómicas.
- l) Colaborar coa Administración deportiva de Galicia, os entes locais e as agrupacións deportivas escolares na organización e no desenvolvemento dos programas xerais do deporte na idade escolar.
- m) Executar as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- n) Colaborar coa Administración deportiva de Galicia e outros órganos competentes da Administración autonómica na prevención, no control e na represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos no deporte e na prevención e no control da violencia no deporte.
- ñ) Poderán, ademais das súas propias atribucións, executar por delegación da Administración autonómica programas de promoción da súa modalidade deportiva.
- o) Aqueloutras funcións que poida encomendarlle a Administración deportiva da Comunidade Autónoma.



# Federación Galega de Deportes para Xordos

## Capítulo II

### Os requisitos de afiliación e os dereitos e deberes dos afiliados

#### Artigo 5º

- a) As entidades deportivas poderán integrarse, a petición propia, na FEGADEX sempre que teñan o seu domicilio social e desempeñen a súa actividade en Galicia e se encontren constituídas conforme ós requisitos esixidos para cada modalidade pola lexislación vixente e inscritos no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, debendo comprometerse a cumprir os estatutos e regulamentos da FEGADEX e someterse a autoridade dos órganos federativos, en relación coas materias da súa competencia.
- b) Os mesmos criterios e requisitos, no que sexa de aplicación, rexerán para a integración na FEGADEX dos deportistas, técnicos, adestradores, xuíces e árbitros e outros colectivos interesados, se os houbera.
- c) A integración na FEGADEX producirase mediante a expedición por parte desta da correspondente licenza federativa ou documento de afiliación ou inscrición que corresponda. A dita expedición será acordada pola xunta directiva da FEGADEX.
- d) Contra a denegación, que deberá ser motivada, so caberá recurso ante a asemblea xeral.
- e) En todo caso, para a participación en actividades ou competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico será preciso estar en posesión, da licenza ou documento de afiliación expedido pola FEGADEX.
- f) Tódolos membros da FEGADEX teñen dereito a recibir a tutela desta respecto ós seus intereses deportivos comúns e individuais, así como o de participar nas súas actividades e no funcionamento dos seus órganos, de acordo cos presentes estatutos e cos regulamentos internos daquela.
- g) Os clubs teñen dereito a concertar encontros con outros clubs, amigables ou non, en datas incompatibles coas sinaladas para a competición oficial e coa previa autorización da FEGADEX ou a súa delegación correspondente se a houbera.
- h) Os membros da FEGADEX teñen pola súa vez o deber de acatar os acordos dos seus órganos, sen que isto obste ó seu dereito de recorrer, ante as instancias federativas competentes e, no seu caso, ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva ou Secretaría Xeral para o Deporte, segundo proceda, aqueles que consideren contrarios a dereito, e sen prexuízo de acudir a conciliación extraxudicial ou arbitraje nos termos previstos. Non obstará a tal dereito a existencia de depósito previo para recorrer, coa finalidade de retribuír adecuadamente os servizos, propios e alleos, que a Federación teña de prestar como consecuencia do recurso.
- i) Tamén terán a obriga de cumprir con espírito deportivo os estatutos, regulamentos e demais normas da FEGADEX, aboar cumpridamente as cotas e dereitos federativos e representar a esta Federación cando sexa requirida para iso, incluíndo as sesións de concentración e preparación que establezan os responsables federativos.



# Federación Galega de Deportes para Xordos

## **Capítulo III Estrutura territorial**

### **Artigo 6º**

- a) A FEGADEX ten plena xurisdición no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A FEGADEX poderá estruturarse territorialmente en delegacións provinciais, zonais, comarcais, etc. inclusive delegacións inferiores dependentes das delegacións superiores en territorio, segundo o determine a asemblea xeral.
- c) Para unha mellor organización e cumprimento dos seus fins, a asemblea xeral, de acordo co sentir e as posibilidades de cada zona, poderá dividir o territorio galego nas demarcacións que sexan necesarias.
- d) Calquera que sexa a estrutura resultante, todas a delegacións existentes axustarán a súa actividade ás normas ditadas pola FEGADEX a través dos órganos que corresponda, e directamente do seu presidente.
- e) Así mesmo, os titulares das delegacións serán nomeados e destituídos polo presidente da FEGADEX. Por outra banda, a composición do equipo directivo da delegación correspondente será de libre facultade do titular da dita delegación, o cal dará conta ó presidente da FEGADEX.

## **TÍTULO II Dos órganos de goberno**

### **Capítulo I Normas xerais**

### **Artigo 7º**

Os órganos de goberno, administración e participación da FEGADEX son:

- a) A asemblea xeral.
- b) O presidente.
- c) A xunta directiva.

### **Capítulo II A asemblea xeral**

#### **1. Competencias.**

### **Artigo 8º**

A asemblea xeral é o órgano colexiado supremo da FEGADEX e estará constituída polo presidente e os representantes dos diferentes estamentos destas.



# Federación Galega de Deportes para Xordos

## **Artigo 9º**

As competencias da asemblea xeral da FEGADEX son:

- a) A aprobación e modificación dos presentes estatutos.
- b) A elección e cesamento do presidente.
- c) A elección e cesamento da comisión delegada.
- d) A aprobación e liquidación do orzamento anual.
- e) A aprobación do calendario deportivo e das bases e regulamentos que rexen as diferentes competicións.
- f) A aprobación do regulamento de eleccións, á asemblea, do presidente e da comisión delegada.
- g) A aprobación da creación dos diferentes órganos territoriais da federación.
- h) A aprobación do Regulamento de disciplina deportiva.
- I) Calquera outra competencia que non estea expresamente atribuída polos presentes estatutos ou outros órganos.

## **2. Composición.**

### **Artigo 10º**

A asemblea xeral da FEGADEX está integrada coa seguinte proporción:

- a) Entidades deportivas: 60% ó 75%.
- b) Deportistas: ata 20%.
- c) Técnicos: ata 5%.
- d) Xuíces e árbitros: ata 5%.

### **Artigo 11º**

Os membros da asemblea xeral e a comisión delegada da FEGADEX cesarán por:

- a) Defunción.
- b) Por cumprimento do prazo para o que foron elixidos.
- c) Disolución da entidade á que representan.



# Federación Galega de Deportes para Xordos

- d) Por dimisión.
- e) Por incapacidade física permanente, declarada legalmente, que lles impida o desenvolvemento do seu cometido.
- f) Por incompatibilidade legal ou estatutaria.
- g) Por sanción disciplinaria imposta de xeito regulamentario que indique o cesamento no cargo que representen.
- h) Por perda dos requisitos polos que foron elixidos no seu respectivo estamento.

## **Artigo 12º**

As vacantes que se produzan na asemblea xeral da FEGADEX antes das eleccións, serán cubertas polos seguintes candidatos máis votados no seu respectivo estamento, que exercerá o seu cargo ata a celebración das seguintes eleccións.

## **3. Convocatoria.**

### **Artigo 13º**

A asemblea xeral da FEGADEX será convocada polo presidente cun mínimo de 10 días naturais de antelación á súa celebración, no taboleiro de anuncios da FEGADEX e das delegacións territoriais, notificándoselles así mesmo individualmente ós membros dela cunha antelación de 10 días por calquera medio que permita ter constancia da data de recepción dela, cunha antelación mínima de 48 horas.

### **Artigo 14º**

A asemblea xeral da FEGADEX será convocada polo menos unha vez ó ano para tratar os asuntos propios da xestión ordinaria e, como mínimo:

- a) Aprobación da memoria anual de actividades.
- b) Aprobación de novo orzamento e liquidación do anterior.
- c) Aprobación do calendario deportivo e os regulamentos que rexerán a competición.
- d) Outras propostas que formulen os membros da asemblea, da comisión delegada, da xunta directiva e o presidente.

### **Artigo 15º**

Tódalas demais asembleas da FEGADEX terán carácter extraordinario e serán convocadas polo presidente a proposta do 25% dos membros da asemblea por escrito e cos puntos da orde do día da dita asemblea. O presidente deberá convocala no prazo de 10 días naturais a partir da solicitude e non deberán transcorrer 20 días naturais desde a convocatoria.



# Federación Galega de Deportes para Xordos

## **Artigo 16º**

Cando o presidente estime a existencia dunha situación urxente, poderá convoca-la asemblea xeral sen outro requisito que a notificación persoal ós seus membros, debendo estar presentes polo menos 2/3 partes dos integrantes para que teña validez, así como pronunciarse os asistentes como primeiro punto da orde do día, sobre a urxencia da convocatoria e a necesidade ou non desta.

## **Artigo 17º**

A orde do día poderá ser modificada, no sentido de incorporar novos puntos, pola petición fundada da quinta parte dos membros da asemblea xeral, sempre e cando se efectúe coa antelación suficiente para a súa notificación no prazo de corenta e oito horas ós membros da asemblea xeral.

## **Artigo 18º**

A asemblea quedará validamente constituída cando concorran en primeira convocatoria a metade máis un dos seus membros e, en segunda convocatoria, que terá lugar media hora máis tarde, sexa cal sexa o número de asistentes.

## **4. Adopción de acordos.**

### **Artigo 19º**

A asemblea xeral decide por maioría simple dos votos emitidos, agás naqueles casos que os estatutos sinalen outra maioría. Nestes casos, requírase maioría de dous terzos.

Dos debates, acordos e votacións levantará acta o secretario.

Non se admitirá a delegación de voto agás no caso de entidades xurídicas que poderá exercelo o presidente ou persoa autorizada de acordo cos seus propios estatutos. Ningún membro da Asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

## **Capítulo III A Comisión delegada**

### **Artigo 20º**

A comisión delegada da FEGADEX será elixida entre e pola asemblea, mediante sufraxio dos seus membros e o seu mandato coincidirá co da asemblea xeral.

### **Artigo 21º**

O número de membros da comisión delegada da FEGADEX será entre 5 á 15 membros que se concretaría no Regulamento Electoral.



# Federación Galega de Deportes para Xordos

## **Artigo 22º**

A comisión delegada da FEGADEX reunirse como mínimo cada 4 meses para os fins da súa competencia e como mínimo para o seguimento da xestión económica deportiva da federación.

## **Artigo 23º**

Correspóndelle á comisión delegada da FEGADEX:

- a) A aprobación dun informe previo á elaboración dos novos orzamentos.
- b) Modificación dos orzamentos e dos regulamentos.
- c) Modificación do calendario deportivo.
- d) Seguimento da xestión deportiva e económica da federación.

## **Capítulo IV O presidente**

## **Artigo 24º**

O presidente é o órgano executivo da FEGADEX e exerce a súa representatividade legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación e executa os acordos tomados.

## **Artigo 25º**

O presidente da FEGADEX será elixido cada catro anos, coincidindo cos Xogos Olímpicos de inverno, agás no caso que concorran causas excepcionais que deberán ser autorizadas pola Secretaría Xeral para o Deporte, a través da súa publicación correspondente.

## **Artigo 26º**

O presidente da federación ten que ser membro da asemblea.

## **Artigo 27º**

Será elixido presidente o candidato que obteña a maioría absoluta por votos dos membros presentes. No caso de que ningún dos candidatos alcance esta maioría realizarase unha segunda votación entre os dous candidatos máis votados, resultando elixido o que teña a maioría dos votos.

## **Artigo 28º**

O presidente da FEGADEX gozará de voto de calidade no caso de empate, naquelas decisións que deba adopta-lo órgano que presida.



# Federación Galega de Deportes para Xordos

## **Artigo 29º**

Para poder ser candidato a presidente ou membro da xunta directiva da FEGADEX deberán reunirse as condicións seguintes:

- a) Ter a condición política de galego segundo o disposto no artigo 3 da Lei orgánica 1/1981, do 16 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
- b) Preferiblemente ser xordo e co correspondente certificado de minusvalía expedido polos organismos competentes.
- c) Ser maior de idade.
- d) Estar en pleno dereito dos seus dereitos civís.
- e) Non ter incorrido en ningunha sanción deportiva que o inhabilite.

## **Artigo 30º**

A persoa elixida como presidente da FEGADEX deberá cesar en todo tipo de actividades técnicas e directivas no deporte para xordos no ámbito autonómico.

## **Artigo 31º**

O presidente cesará polas seguintes causas:

- a) Transcurso do período do seu mandato.
- b) Falecemento.
- c) Aprobación dunha moción de censura nos termos establecidos nos presentes estatutos.
- d) Sufrir sanción disciplinaria deportiva firme que o inhabilite para o exercicio do seu cargo.
- e) Enfermidade grave que o incapacite para o exercicio do seu cargo.
- f) Ser condenado por sentenza xudicial firme que leve aparellada pena, principal ou accesoria, de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de cargos públicos.

## **Artigo 32º**

- a) A moción de censura ó presidente da FEGADEX deberá ser presentada, se é o caso, por un número de membros da asemblea superior ó 50 % da totalidade de aquela.
- b) A moción de censura será presentada de forma escrita coa firma dos clubs que presentan dita moción, razoada e facendo constar o nome do candidato alternativo ó presidente da FEGADEX, o que, nun prazo máximo de quince días, a partir da recepción do escrito, deberá convocar con carácter extraordinario a asemblea xeral



# Federación Galega de Deportes para Xordos

para que esta se reúna, tamén nun prazo máximo de quince días, coa dita moción de censura como único punto da orde do día.

- c) Para que poida aprobarse a moción de censura requirirase o 75% de votos afirmativos dos membros da asemblea.
- d) Se a moción de censura non fose aprobada pola asemblea xeral, os seus signatarios non poderán presentar outra ata que transcorra un ano.

## **Capítulo V A xunta directiva**

### **Artigo 33º**

A xunta directiva é o órgano colexiado da xestión da FEGADEX, sendo os seus membros designados e revocados libremente polo presidente que a presidirá.

### **Artigo 34º**

A xunta directiva da FEGADEX estará formada por un número de membros non inferior a 5 ni superior a 15.

### **Artigo 35º**

Os membros da xunta directiva que non sexan membros da asemblea xeral terán acceso ás sesións con dereito a voz pero sen voto.

### **Artigo 36º**

Tódolos cargos da xunta directiva son honoríficos e, en caso extraordinario, cando se estableza unha compensación económica xustificada a favor dalgún dos seus membros, ten que ser expresamente acordada por maioría absoluta da asemblea xeral e constar de maneira diferenciada no orzamento. En ningún caso a compensación económica poderá ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que reciba a federación.

## **Capítulo VI O secretario**

### **Artigo 37º**

O presidente da FEGADEX nomeará un secretario que poderá ser membro da xunta directiva, as súas funcións serán:

- a) Levantar actas das sesións dos órganos de goberno e representación con indicación dos asistentes, temas tratados, o resultado das votacións e, se é o caso os votos particulares contrarios ó acordo adoptado.
- b) Expedi-las certificacións oportunas dos acordos dos órganos de goberno e representación.



# Federación Galega de Deportes para Xordos

- c) Remitir á Secretaría Xeral para o Deporte as actas das reunións da asemblea xeral e da comisión delegada no prazo de 15 días desde a súa celebración.
- d) Aquelas que lle encomenden os regulamentos da FEGADEX ou lle sexan delegadas polo presidente.

## **Capítulo VII O tesoureiro**

### **Artigo 38º**

O tesoureiro é o órgano de administración da FEGADEX e terá as seguintes funcións:

- a) Leva-la contabilidade da FEGADEX.
- b) Exerce-la inspección económica de todos os órganos da federación.
- c) Elaborar e presentar balance á comisión delegada do estado contable.
- d) Calquera outra que lle encomenden os regulamentos.

No caso de que non exista tesoureiro o presidente será o responsable de exercer estas funcións podendo delegalas na persoa que considere oportuna.

## **TÍTULO III Dos órganos técnicos e asesores**

### **Capítulo I Comités**

### **Artigo 39º**

A FEGADEX poderá crear logo da aprobación da asemblea xeral cantos comités técnicos precise, ademais do comité de xuíces e árbitros, que será creado cando exista na Comunidade Autónoma o número suficiente de xuíces e árbitros.

Este comité terá ámbito autonómico igual que a FEGADEX.

### **Artigo 40º**

Serán funcións do comité de xuíces da FEGADEX.

- a) Establece-los niveis de formación arbitral.
- b) Clasificar tecnicamente os xuíces e árbitros en función de criterios fixados pola asemblea xeral propóndolle á xunta directiva a adscrición ás categorías correspondentes.
- c) Propo-los candidatos a xuíces e árbitros nacionais.



# Federación Galega de Deportes para Xordos

- d) Propoñer á xunta directiva as normas administrativas que regulen a arbitraxe para a súa posterior aprobación pola asemblea.
- e) Designa-los colexiados nas competicións de ámbito galego.
- f) Colaborar cos demais órganos da federación.

## **TÍTULO IV Réxime electoral**

### **Capítulo I Os censos**

#### **Artigo 41º**

Compoñerán os censos correspondentes a cada estamento electoral tódolos membros da FEGADEX que reúnan os requisitos establecidos para cada estamento nos presentes estatutos e no Regulamento electoral.

O acordo da asemblea xeral polo que se estableza unha compensación económica a favor de algún membro da xunta directiva ten que adoptarse por maioría absoluta.

### **Capítulo II Regulamento electoral**

#### **Artigo 42º**

Os procesos electorais desenvolveranse conforme o Regulamento electoral, que deberá ser aprobado pola asemblea xeral da FEGADEX a proposta do presidente, onde regularáanse tamén as cuestións coma número de membros de asemblea e distribución por estamentos, representantes de cada estamentos, calendario e censos electorais, composicións, competencias e funcionamento da xunta electoral, requisitos para a presentación e proclamacións dos candidatos, procedemento de resolución de conflitos e reclamacións, votos por correo, recursos electorais, etc.

## **TÍTULO V Organización interna**

### **Capítulo I Réxime económico**

#### **Artigo 43º**

A FEGADEX está sometida ó réxime de administración, orzamento e patrimonio propio e caixa única.

O tesoureiro someterá á asemblea xeral ordinaria un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, memoria económica e orzamento para a tempada seguinte, balance e orzamento que deberán ser notificadas á Secretaría Xeral para o Deporte.



## Federación Galega de Deportes para Xordos

Non poderá aprobarse un orzamento deficitario agás autorización da Secretaría Xeral para o Deporte e en ningún caso, poderá repartir beneficios entre os seus membros.

A federación elaborará unha memoria que analizará fielmente a súa actividade económica e a súa adecuación orzamentaria, o cumprimento dos obxectivos a desenvolver e informará como mínimo sobre os seguintes aspectos:

1. Diferenciación dos ingresos e aportacións en:
  - a) Subvencións públicas.
  - b) Subvencións, donativos e contribucións privadas.
  - c) Venda de activos.
  - d) Ingresos procedentes da organización de competicións.
  - e) Ingresos por servizos prestados pola federación, permisos, licenzas e outros.
  - f) Ingresos financeiros.
2. Tamén constará o destino da totalidade dos recursos, distinguindo, como mínimo os seguintes grupos de gasto:
  - a) Administración da federación.
  - b) Dirección e servizos da directiva, incluído viaxes.
  - c) Competicións.
  - d) Axudas a clubs e outras entidades.
  - e) Axudas para actos deportivos.
  - f) Construcións e outros inmovilizados.
  - g) Formación de deportistas e técnicos.
  - h) Deportes de elite e profesional.
  - i) Arbitraxe.
  - j) Órganos xurisdicionais.
3. O importe das obrigas de pagamento que é necesario satisfacer noutros exercicios que non están previstos no balance.
4. O importe das garantías e avais comprometidos.



## Federación Galega de Deportes para Xordos

5. A liquidación do orzamento que explique as variacións en relación co aprobado na asemblea anterior.

As contas anuais e os orzamentos estarán no domicilio social da FEGADEX cunha antelación mínima de 15 días á data de celebración da asemblea xeral, a disposición das persoas ou entidades con dereito a voto nela, as cales poderán pedir copia que se lles entregará antes da celebración da asemblea.

### **Artigo 44º**

Son recursos da FEGADEX entre outros os seguintes:

- a) As cotas dos afiliados.
- b) As subvencións que entidades públicas poidan concederlle.
- c) Subvencións, donativos ou contribucións privadas.
- d) Venda de activos.
- e) Ingresos procedentes de competicións organizadas.
- f) Ingresos por servizos prestados pola FEGADEX, permisos, licenzas e outros.
- g) Os préstamos ou créditos que obteña.
- h) Os froitos, rendas e xuros do seu patrimonio.
- i) As sancións pecuniarias que se lles impoñan ós seus afiliados no exercicio da potestade disciplinaria.
- j) Os bens ou dereitos que reciba por herdanza, legado, así como os premios que lle sexan outorgados.
- k) Calquera outros que se lle atribúan por disposición legal ou convenio.

### **Artigo 45º**

A FEGADEX destinará a totalidade dos seus ingresos e patrimonio á consecución dos fins propios do seu obxecto social.

### **Artigo 46º**

A xestión económica ordinaria da FEGADEX correrá a conta do tesoureiro, baixo a dirección do presidente, coidando as operacións de pagamentos e cobramentos.

Autorizará coa súa sinatura, mancomunada coa do presidente ou coa do vicepresidente autorizado, tódolos documentos de movementos de fondos. Será responsable de levar e custodiar os libros de contabilidade e formulará os balances que anualmente deberán presentarse á asemblea xeral para a súa aprobación.



# Federación Galega de Deportes para Xordos

## **Artigo 47º**

A FEGADEX na administración e xestión do orzamento e patrimonio poderá:

- a) Promover, organizar actividades e competicións deportivas dirixidas ó público, aplicando os beneficios económicos, se os houbera, ó desenvolvemento do seu obxecto social.
- b) Gravar e allea-los seus bens inmoables, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que estes negocios xurídicos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da entidade ou o seu obxecto social. Cando a súa contía supere o 25% do seu orzamento anual ademais do acordo da asemblea xeral será imprescindible o informe favorable da Secretaría Xeral para o Deporte.

## **TÍTULO VI Réxime documental**

### **Capítulo I**

## **Artigo 48º**

O réxime documental da FEGADEX comprenderá como mínimo os seguintes libros debidamente dilixenciados:

- a) Libros de actas que consignarán as reunións que celebren tódolos órganos colexiados da FEGADEX tanto de goberno coma de representación ou complementarios e técnicos.
- b) Libro de contabilidade.
- c) Rexistro dos membros da asemblea xeral e da comisión delegada no que deberán consta-los nomes dos titulares ou representantes legais e os domicilios para as citacións e notificacións.

## **TÍTULO VII Réxime disciplinario**

### **Capítulo I**

## **Artigo 49º**

A FEGADEX ten potestade en materia de disciplina deportiva, sobre tódalas persoas que forman parte da súa estrutura orgánica, as entidades deportivas, os deportistas, técnicos e directivos, xuíces-árbitros e en xeral todas aquelas persoas e entidades que desenvolven a actividade deportiva que constitúe o seu obxecto social no ámbito da Comunidade Autónoma galega.



# Federación Galega de Deportes para Xordos

## **Artigo 50º**

Os órganos competentes en materia de disciplina da FEGADEX serán:

- a) En primeira instancia un xuíz único.
- b) En segunda instancia, un comité de apelación.

Ambos os dous órganos rexeranse polo disposto na Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento.

O xuíz único será nomeado pola asemblea xeral, así como os tres membros que integrarán o comité de apelación.

Os seus integrantes poderán ser membros ou non da FEGADEX, e neste caso desde o momento do nomeamento pola asemblea xeral, integraranse na federación.

Sen prexuízo do dereito de todos os federados, a formular recurso contra os actos, acordos e resolucións emanados dos órganos federativos, establécese como requisito previo á súa admisión, un depósito de 50 euros por cada recurso que se achegue ante os órganos federativos de calquera clase; se o recurso fora interposto por unha pluralidade de persoas, o depósito incrementarase en 10 euros por cada unha das que excedan de tres. A falta deste requisito considérase subsanable e a Federación concederá un prazo de dez días ao recorrente para que subsane o defecto; transcorrido o devandito prazo sen ter constituído ou, no seu caso, completado o depósito, o recurso será inadmitido de cheo. Se unha vez realizado o depósito a resolución definitiva que se adopte fora favorable total ou parcialmente ao recorrente, o depósito será devolto ao depositante; en caso contrario quedará en propiedade da Federación aplicándose o ingreso conforme ao artigo 44, apartado f) dos actuais estatutos. De todos os xeitos o impago de dito depósito será causa de exclusión do recorrente ou recorrentes de toda actividade federativa. Este depósito actualizarase anualmente en máis ou menos a mesma porcentaxe en que resulte actualizado o orzamento federativo.

## **Artigo 51º**

Contra as resolucións ditadas pola FEGADEX en materia disciplinaria, cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Así mesmo a Federación reclamará ao recorrente ou accionante o depósito a que se refire o último párrafo do artigo anterior cando a Federación sexa citada en concepto de parte demandada, denunciada ou requerida ante os órganos xudiciais ou administrativos de calquera clase, sempre e cando tal acción non sexa consecuencia da tramitación da mesma petición en vía federativa, en cuxo caso, o depósito constituído para aqueloutro fin terá de ser considerado suficiente.



# Federación Galega de Deportes para Xordos

## TÍTULO VIII

### Da modificación de estatutos e da disolución da FEGADEX

#### Capítulo I

##### **Artigo 52º**

Os estatutos da FEGADEX só poden ser modificados pola asemblea xeral e de acordo co previsto neles.

##### **Artigo 53º**

A proposta de modificación dos estatutos deberá ser acordada polo presidente ou a comisión delegada da FEGADEX ou o solicite o 50% dos membros da asemblea xeral.

Aprobada a reforma dos estatutos pola asemblea xeral deberá ser ratificada pola Secretaría Xeral para o Deporte.

##### **Artigo 54º**

A FEGADEX extinguirase polas seguintes causas:

- a) Por acordo da maioría dos 2/3 dos membros da asemblea xeral, referendado pola maioría absoluta de tódolos membros da federación, en votación libre, igual, directa e secreta.
- b) Polas demais causas que determinen as leis.

Unha vez disolta, procederase á liquidación do seu patrimonio neto resultante, destinarase ós fins de carácter deportivo de interese xeral que determine a Secretaría Xeral para o Deporte.